



FACEMOS TRABALLO SOCIAL



Pola defensa
do sistema
público e a
igualdade de
oportunidades

**Candidatura
COTSG 2021**





Contido

1. Presentación.....	2
2. Nova candidatura.....	3
3. Misión e valores.....	10
4. Comisións e grupos de traballo.....	11
5. Principais liñas de acción.....	12
5.1. Defensa da profesión.....	12
5.2. Representación institucional e participación política da profesión.....	12
5.3. Formación.....	13
5.4. Investigación.....	15
5.5. Publicacións.....	15
5.6. Ámbitos de intervención.....	16
5.7. Feminismo.....	27
5.8. Ética e deontoloxía profesional.....	28

FACEMOS TRABALLO SOCIAL

Candidatura COTSG 2021

1. Presentación

Estimadas e estimados compañeiras e compañeiros de profesión, presentamos unha candidatura chea de ilusión e con ganas de dar continuidade o proxecto iniciado fai xa catro anos. Durante os pasados catro anos, os acontecementos da sociedade galega e a realidade mundial tomou un brusco cambio, dando lugar a un escenario de gran complexidade que supuxo un reto para toda a profesión. As/os traballadoras/es sociais estivemos presente de xeito extraordinario ante a sociedade e declaráronos servizos esenciais.

Por iso, nesta presentación queremos aproveitar para dar un especial agradecemento as/os profesionais presentes pola súa encomiable labor de defensa dos dereitos da cidadanía, poñendo en valor os principios éticos e deontolóxicos do traballo social.

Co pulo social recibido nestes anos, esta nova candidatura entende que dende a estrutura colexial debemos traballar pola mellora da profesión, e contribuír a traballar por aqueles obxectivos e accións que permita dar visibilidade ás profesionais e mellorar a saúde do noso sistema.

Ante todos os cambios que se precipitaron nos últimos anos, e ante as 'novas normalidades' da sociedade actual, ante un mundo cada vez máis individualizado e tecnolóxico, unha vez máis a nosa profesión adquire especial significado, "eu son porque nos somos"(FITS2021).

Durante estes catro anos, "tecendo redes", puxéronse en marcha infinidade de proxectos, os cales sen as vosas sinerxías profesionais non acadarían os resultados procurados. Principios, valores, dereitos, deberes e saberes ao servizo da estrutura profesional e da sociedade.

Como veredes no noso amplo programa, a defensa e renovación dun sistema de servizos sociais públicos e de calidade, o impulso e presenza da profesión noutros sistemas de protección social, a apertura de novos nichos de mercado e a participación do terceiro sector, son algúns dos obxectivos da presente candidatura, coa que pretendemos axudar a afianzar a nosa identidade como profesionais do social .

A nosa Candidatura non tería obxecto se non a abordásemos apostando polo traballo conxunto, a ilusión e a paixón pola profesión, o coidado das profesionais ás que representamos, a aprendizaxe continua e a ética coa que acometeremos retos importantes que contribuirán a remar a favor das persoas e comunidades.

2. Nova candidatura

Presidencia	Vicepresidencia
 <p data-bbox="226 754 715 790">Miriam Rodríguez Sierra (Ourense)</p> <p data-bbox="158 860 783 1003">Graduada en Trabajo Social, Posgrao en Emigración e retorno: Integración laboral. Máster en Residencia e atención a persoas maiores. Posgrado en Xerontoloxía. Traballadora Social Sanitaria no Servizo de Saúde Mental da Área Sanitaria da Coruña.</p> <p data-bbox="158 1037 783 1124">Experiencia en atención hospitalaria, no servizo de protección de menores, nas embaixadas de Bolivia e Costa Rica e organizacións do terceiro sector.</p> <p data-bbox="158 1158 783 1245">Presidenta do Colexio Oficial de Trabajo Social de Galicia e membro da xunta de goberno do Consello Xeral de Trabajo Social.</p> <p data-bbox="158 1279 783 1599">Creo firmemente nas potencialidades da nosa profesión e no noso aporte e contribución a sociedade. Dende os distintos ámbitos laborais, levamos a cabo accións transformadoras que promoven e reforzan as relacións sociais, como elemento fundamental para o libre desenvolvemento das persoas e de cohesión. Neste sistema individual e sectorizado son mais necesarias ca nunca as alianzas interprofesionais, fomentando o autocoidado e o coidado mutuo para velar pola saúde da nosa profesión.</p> <p data-bbox="158 1632 783 1776">Dende a profesión temos a responsabilidade de continuar a cuestionar as estruturas que favorecen o desequilibrio e xeneran a exclusión, defender a diversidade e as liberdades individuais, promovendo a equidade e a solidariedade.</p> <p data-bbox="158 1809 783 1868">SEMPRE coa firme crenza, de que outra sociedade mais xusta e humana é posible.</p>	 <p data-bbox="920 754 1326 790">Ana Vilar Varela (A Coruña)</p> <p data-bbox="809 860 1437 1124">Diplomada en Trabajo Social. Máster en dependencia e xestión de servizos sociais. Coordinadora e directora técnica en distintos programas, equipos e servizos dos servizos sociais comunitarios. Experiencia no terceiro sector. Docente e autora de varias publicacións. Vogal da Comisión Deontolóxica do CDTIS e membro da Xunta de Goberno do Consello Estatal de traballo social e do Colexio de Trabajo Social de Galicia.</p> <p data-bbox="809 1158 1437 1330">A miña elección de esta profesión foi totalmente vocacional, apaixoname. Durante os trinta anos de exercicio profesional, sempre tiveron oportunidade de traballar en distintos ámbitos, compartindo ilusión por la defensa do sistema público xunto cos meus compañeiros/as.</p> <p data-bbox="809 1364 1437 1599">O meu desenvolvemento profesional caracterízase por una continua reflexión e mirada crítica sobre a nosa profesión , o coidado profesional, e o seu recoñecemento. A miña participación nas estruturas colexiais, , supuxo unha gran aprendizaxe, afondando nos cimentos que sustentan a nosa profesión, e sobre os que debemos seguir avanzando xuntas .</p> <p data-bbox="809 1632 1437 1827">Gústame definirme como traballadora social, nai , muller feminista e gran defensora dos dereitos das persoas e da igualdade de oportunidades, que pretende poñer en valor a ética e deontoloxía profesional, creo na necesidade de dar continuidade a o proxecto iniciado para mellorar e avanzar nesta nosa profesión.</p>

Secretaría



Ana Rodríguez (Ferrol)

Diplomeime en Traballo Social na Escola de Santiago de Compostela no ano 2000. Despois continúei os meus estudos na UNED cursando Antropoloxía Social e Cultural.

Actualmente estoume formando como terapeuta Gestalt e supervisora. Sempre traballei en servizos sociais especializados na Xunta de Galicia, na provincia da Coruña e actualmente traballo nun OVD da Dependencia.

As miñas correntes de traballo principais humanista e integrativa inda que en todas elas boto en falta a perspectiva de xénero.

Considero á traballadora social como aquela profesional que é feminista e activista que loita pola xustiza social e mantén como guía o respecto na relación de axuda. Teño a crenza de que todas as persoas posúen capacidades e ferramentas para superar os obstáculos e acadar os seus obxectivos vitais, sempre e cando contén cun Sistema que as protexa e garanta a cobertura de todas as súas necesidades.

Creo no desenvolvemento dun Estado de Benestar intervencionista no que se desenvolvan uns servizos sociais públicos, de calidade e adaptados ás necesidades individuais das persoas.

Levo 4 anos como vogal- voluntaria da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Traballo Social, o que me permitiu participar nos grupos de traballo e compartir as miñas inquedanzas con outras profesionais voluntarias que teñen esperanza no cambio do sistema.

Tesourería



Antonio Doval Canabal (Lugo)

Diplomado Universitario en Traballo Social, posgraos en Mediación Familiar e en Educación Familiar; Máster en Asesoramento e Orientación Familiar e experto en Relacións Humanas; teño experiencia en diversos campos de intervención: Dependencia, Discapacidade, Maiores, Centros de Saúde e Hospitais. Na actualidade exerzo como Traballador Social no Hospital Universitario Álvaro Cunqueiro de Vigo.

Durante os últimos catro anos desempeñei a función de Secretario do COTSG, dando respaldo e apoio a un proxecto de goberno no que creo, e sobre o que considero podemos plantexar elementos de mellora e rexeneración, para continuar avanzando na defensa, estabilidade e fortaleza da nosa profesión.

Preséntome novamente ás eleccións á Xunta de Goberno para poñer a disposición do COTSG o mellor de min e contribuír para que o Traballo Social continúe avanzando e ocupe o lugar de recoñecemento que merece e se visibilice ás súas profesionais de referencia: as/os Traballadores/as Sociais. Un aspecto clave para acadar este obxectivo é trasladar á cidadanía o que representamos e o que facemos.

Desde a Xunta de Goberno seguirei a traballar para que a estrutura colexial teña unha vocación de servizo á cidadanía e sexa garantía dunha boa praxe profesional.

A motivación e o compromiso coa profesión do Traballo Social son o meu sinal de identidade.

Vogais



Pablo Antelo García (Muros)

Diplomado en Traballo Social no ano 2009 e Graduado en Traballo Social no ano 2013 pola USC. Máster Universitario en Intervención na Discapacidade e na Dependencia no ano 2010 pola UDC.

Actualmente desempeño o meu labor profesional nos SS.SS. do Concello da Coruña, na atención a situacións de urxencias sociais no ámbito da familia e os menores. Anteriormente, tamén no Concello da Coruña, estiven máis de dez anos como traballador social no Servizo de Información, Valoración e Orientación en diferentes centros da cidade.

Desde que comecei a miña andadura profesional en plena crise económica fun observando un deterioro ano tras ano na calidade dos servizos públicos en xeral e dos sociais en particular, que provocaron un importante cambio nas miñas expectativas laborais como traballador social. Durante a pandemia provocada pola COVID-19 puidéronse ver as costuras duns sistemas de protección castigados polas políticas de austeridade, e preséntome a esta candidatura coa ilusión de poder sumar o meu gran de area para tratar de dignificar novamente a nosa profesión -moi desvirtuada e desprestixiada nos últimos anos- e loitar desde o Colexio por uns Servizos Sociais públicos e de calidade para toda a cidadanía nesta 'nova normalidade'.



María Rosario Capelo Casas (A Coruña)

Diplomada en Traballo social. Experta en Intervención e Mediación Familiar

Ao longo destes anos de exercicio profesional desenvólvin o meu traballo tanto en servizos sociais comunitarios como específicos, sempre procurei manter un compromiso coa profesión baseado nunha mellora continua tanto na forma de realizar o traballo, como nos coñecementos teórico- prácticos que se necesitan para iso.

Entendo o Colexio como un ente que reúne á comunidade de Traballadoras e Traballadores Sociais e lle proporciona a estrutura homoxénea de funcionamento ao Traballo Social.

Aposto por un Colexio próximo e aberto que nos axude a manter o sentido de identidade e pertenza profesional a través de Comisións e grupos de traballo, ademais doutras accións fundamentais para o desenvolvemento da nosa profesión.



Cristina Díaz Mira (A Coruña)

Rematei os estudos na diplomatura de Traballo Social no 2002. Posteriormente, cursei o Grao de Traballo Social.

Inicie a miña andanza profesional no ámbito do SAF, e despois accedín ao meu actual posto de traballo como traballadora social nos servizos comunitarios do Concello da Coruña, nos que levo 17 anos.

Nacín nun barrio obreiro da Coruña onde dende nena percibín a desigualdade e os efectos na sociedade. Alí comecei a participar en organizacións de voluntariado que traballaban no barrio. Pronto comprendín que o activismo é o paso fundamental para traballar os cambios.

Son muller e feminista. A ollada violeta fixo que leve xa tempo especializándome en materia de igualdade e feminismo, cursando un Máster en Intervención Interdisciplinar contra os Malos Tratos (UNED).

Dentro do meu activismo eu traballo para vencer as desigualdades, e realizo un sindicalismo activo de clase no meu entorno laboral sendo delegada sindical.

Participo da candidatura para as eleccións do COTSG con motivación e coma un paso máis do meu compromiso profesional e persoal nos procesos de cambio.

Creo que estamos ante un cambio de paradigma a tódolos niveis e que a profesión debe liderar esta transformación e redefinirse de cara ao futuro.



Elena Gómez Fernández (A Coruña)

Diplomada en Traballo social. Experta en Xestión de Servizos Sociais. Experta en Intervención con familias. Acreditada como Asesora e Avaliadora no procedemento de competencias profesionais a través de formación non regrada ou experiencia profesional. Membro do Comité de ética de Aspronaga dende a súa creación e hasta o ano 2019.

Desenvolvín o meu labor profesional en diferentes áreas de intervención, en principio desde os servizos sociais comunitarios para posteriormente centrar a miña andaina profesional nos servizos sociais especializados: discapacidade, servizo do maior, cheque asistencial, dependencia e protección de menores.

Considereime sempre unha profesional comprometida coa profesión de Traballo Social, no seu desenvolvemento e na súa evolución, por entender que a intervención social, que é a columna vertebral da nosa profesión, é un dos eixos que garanten o benestar social, a continuación e mellora do estado do benestar e a base dunha sociedade baseada en principios de xustiza social.



Laura Zapata Criado (Santiago de Compostela)

Diplomada en traballo social (2004) e técnica superior en animación sociocultural.

Comecei no campo da dinamización e voluntariado social nos centros socioculturais de Santiago. Da miña experiencia laboral salienta a miña participación no Proxecto Crear, proxecto experimental de emprego do Concello de Santiago; no Centro Quérote+ de A Coruña e na Asociación ASPACE Coruña, como traballadora social do centro de día, da residencia e do centro educativo.

Actualmente traballo nos equipos comarcais de inclusión social, do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Considérome unha persoa activa, enérxica, crítica e apaixonada polo traballo social na súa labor máis directa coa poboación.

A nosa é unha profesión viva, en continuo cambio e adaptación aos novos contextos; Considero que para avanzar como colectivo, é fundamental a labor do Colexio Profesional como órgano de representación, apoio, guía, formación e defensa da profesión e da colexiación .

Actualmente coordino o grupo de traballo "Traballo Social Educativo" do Colexio, dende o que pretendemos visualizar a nosa labor nos centros educativos como profesionais de referencia no social, para as familias e para o alumnado, ao tempo que recuperar o noso sitio no ámbito educativo.



Adriana Vieites Freire (Santiago de Compostela)

Graduada en traballo social pola Universidade de Santiago de Compostela no 2013. Cursei o mestrado en Intervención en Áreas Desfavorecidas e o Curso de Dirección de Centros de Servizos sociais.

Na actualidade traballo na Unidade de Atención ás Drogodependencias do Concello de Noia que atende a persoas dos concellos de Noia, Outes, Muros, Carnota, Lousame e Porto do Son. Con experiencia laboral de algo máis de 5 anos nos servizos sociais comunitarios básicos dos concellos de Vigo, Mugardos e Coruña nas áreas de inclusión e de axuda no fogar municipal.

Considérome unha apaixonada da profesión pola capacidade de cambio das persoas, a mellora da calidade de vida, o acompañamento vital, igualdade de oportunidades e a loita polos dereitos humanos.

Súmome a candidatura coa ilusión de fomentar a unión entre as profesionais do Traballo Social de Galicia, continuar loitando pola dignificación profesional e promover a participación das traballadoras sociais na mellora das políticas sociais e iniciativas cidadás.

Suplentes



Isabel Fernández Lema (Ribeira)

Diplomada en Traballo Social no ano 89 pola Universidade de Santiago de Compostela.

Desempeño a miña labor profesional desde o ano 1990 no SERGAS e na actualidade no centro de Saúde de Ribeira , anteriormente no centro de Saúde de Noia.

Desde que comecei a miña labor profesional , os elementos que considero esenciais son o respecto, escoita activa, empatía, acompañamento, dignidade, liberdade, igualdade, e xustiza social.



María A. González Borrajo (Barbadás)

Acabei os meus estudos de traballo social no ano 2007, contando con 13 anos de experiencia profesional en diferentes entidades do sector privado, así como no sector público.

Na actualidade, estou a traballar no sector privado abarcando distintos sectores de poboación como é o de maiores, muller e infancia.

Valórome como una muller comprometida coa profesión e cos dereitos laborais de quen a exerce, polo que son delegada sindical.

Quen me coñece sabe que participo nesta candidatura porque creo na importancia da nosa profesión, como medio para mellorar o benestar das persoas, así como na defensa dos dereitos sociais e dos servizos públicos. Para min, tamén é fundamental loitar pola estabilidade e os dereitos laborais e formativos dos e das traballadoras sociais.

Penso que no CODTS temos cabida todas e todos, traballemos no sector privado, no terceiro sector ou no sector público. É necesario que defendamos o traballo social como colectivo profesional unido, fomentando a solidariedade profesional para mellorar o prestixio da nosa profesión.



Belén Vázquez Iglesias (A Coruña)

Rematei os meus estudos de Traballo Social no ano 1995.

Os meus primeiros pasos, nesta profesión, foron formando parte do grupo de voluntariado da Asociación Integración Xitana, o que me permitiu coñecer de primeira man o traballo con minorías étnicas e o traballo de campo, nun dos asentamentos máis conflictivos.

Aos poucos meses comecei a traballar no Concello da Coruña, onde sigo na actualidade (25 anos). Os tres primeiros anos de traballo formei parte do Equipo Urban Coruña para a Erradicación do Chabolismo.

En 2001 aprobei as oposicións e desde entón exercín o meu labor como traballadora social nos servizos comunitarios básicos de varios centros cívicos do Concello, tarefa que sigo exercendo na actualidade. Durante estes anos de experiencia laboral tocume vivir unha crise económica, unha pandemia e cambios sociais que impediron garantir os dereitos básicos de todos os cidadáns.

A maiores atópome cada día cunha Administración cada vez máis burocratizada nos seus procedementos e menos resolutiva e eficaz na súa resposta.

Sempre quixen apostar pola intervención social, o traballo coas persoas e cos axentes sociais, cunha finalidade, a procura do cambio social e a modificación de situacións que xeran desigualdade. Busco que a miña profesión sexa recoñecida e considerada.

3. Misión e valores

Os Estatutos Particulares do COTSG regulan o funcionamento da entidade colexial, na que se recollen as súas fins esenciais:

- Ordenación do exercicio da actividade profesional
- Representación exclusiva da profesión na Comunidade Autónoma de Galicia
- Observancia dos principios xurídicos, éticos e deontolóxicos
- A formación permanente das persoas colexiadas
- Defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas

Entre as funcións máis salientables do Colexio Profesional están as de exercer a representación que establezan as leis; colaborar coas Administracións Públicas e outras entidades en relación coa disciplina do Traballo Social; promover a participación activa, fomentando o asociacionismo; perseguir e denunciar o intrusismo profesional, así como a ilegalidade no exercicio da profesión; velar polo cumprimento dos principios éticos e criterios profesionais; procurar a harmonía e colaboración entre as persoas colexiadas, así como o desenvolvemento de servizos e actividades que redunden nunha mellora da calidade da intervención social.

A defensa dos valores profesionais debe facerse desde:

1. O compromiso coa profesión, cos Colexios e cos/ coas profesionais.
2. Unha filosofía de traballo baseada na cooperación, a cohesión, a creación de redes e a acción.
3. A potenciación da identidade profesional.
4. A aposta polo impulso dos diferentes sectores profesionais.
5. A xestión socialmente comprometida, transparente e ética.
6. O rigor profesional.
7. A perspectiva de xénero en todas as nosas actuacións.
8. O traballo en equipo, sumando sinerxías e alianzas estratéxicas para o logro de obxectivos.
9. O fomento da participación activa e a participación social.
10. O compromiso coa defensa de tódalas accións que impliquen vivir, traballar e exercer a profesión dende unha perspectiva ecolóxica e de defensa do equilibrio medioambiental
11. Compromiso con todas aquelas accións que impliquen o fomento dun desenvolvemento sostible e unha racional utilización dos recursos naturais que garantan a equidade do reparto.



4. Comisiones e grupos de traballo

Dende a Candidatura 2021 temos especial interese en continuar e promover o traballo desenvolto dende os grupos de traballo xa creados. Así como ter o firme compromiso de apostar por aquelas liñas de traballo que permitan a creación e sostemento de novos grupos.

Entendemos que é o xeito de acadar a participación de toda a profesión colexiada xerando contidos técnicos e especializados naquelas áreas nas que as propias/os colexiadas/os consideran de especial interese.

Os Grupos de Traballo pretenden ser unha ferramenta activa e flexible que permita potenciar o compromiso do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) coa profesión e cos/as profesionais que representa, ao promover o estudo das necesidades deste colectivo en distintos ámbitos de traballo, introducindo novas propostas para a resolución de problemas comúns e favorecendo o desenvolvemento e ampliación de coñecementos en áreas de traballo social e servizos sociais que están menos desenvoltas.

5. Principais liñas de acción

5.1. Defensa da profesión

O Colexio defende o noso exercicio profesional nas súas distintas áreas, velando pola profesión e polo benestar do colectivo na execución das súas responsabilidades profesionais, combatendo o intrusismo profesional e contribuíndo a unha maior profesionalización das súas persoas colexiadas. Así, créase un espazo onde se axuntan os esforzos de todo o colectivo como ferramenta de participación e de inserción das nosas formulacións e reivindicacións ante o conxunto da sociedade, sendo o portavoz para facer análises e propostas concretas as administracións.

Neste senso, continuarase a apostar pola mellora da praxe profesional, pola reclamación de todas as eivas detectadas nos diferentes eidos de actuación, por loitar contra o intrusismo profesional, por velar pola legalidade de bases e procesos selectivos, cobertura de prazas, incumprimento de ratios...etc.

O Colexio de Traballo Social é o encargado de velar pola defensa da profesión en todas as súas vertentes, debendo indicar naqueles aspectos que se consideren inxustos para a profesión e visibilizando sempre a súa presenza naqueles campos onde sexa imprescindible a súa figura. Ante iso abondaremos nas seguintes accións:

- Visualización da figura da traballadora social como eixo fundamental dos sistema de servizos sociais
- Procura de novas áreas de emprego e divulgación daquelas áreas menos explotadas pola profesión
- Reivindicación da cobertura de postos de traballo social no sector público e recuperación das áreas nas que esta figura quedou relegada

5.2. Representación institucional e participación política da profesión

Esta liña é un dos principais fins do Colexio: a representación exclusiva da profesión no seu ámbito territorial e a defensa dos intereses profesionais da Colexición.

Procurarase seguir incrementando a influencia profesional do Traballo social dende un enfoque colaborativo, posicionándonos nunha situación relevante tanto nas organizacións profesionais, coma nas universidades, administracións e entidades.

Deste xeito, reforzamos a disciplina común desde os diferentes eidos especializados onde nos desempeñamos as/os traballadoras/es sociais. Os obxectivos nesta área serán:

- Reivindicación profesional con administracións e grupos políticos.



- Presencia en órganos de representación o seguimento institucional.
- Colaborar en distintos órganos consultivos, consellos ou outros instrumentos de cooperación entre administracións.
- Xerar unha rede coordinada de participación con entidades de terceiro sector, tecidos asociativos, plataformas sociais, e cidadás en defensa do estado de benestar.
- Establecer acordos, convenios de colaboración con entidades e administracións.

5.3. Formación

Unha das fins e funcións do COTSG é acadar a mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais das persoas colexiadas, promovendo a formación e perfeccionamento dos mesmos así como cooperar na mellora dos estudos conducentes a obtención de titulacións habilitantes para o exercicio da profesión.

Deste xeito, promover e facilitar una oferta formativa de calidade para a colexiación, asemade potenciaremos as relacións entre a estrutura profesional e as universidades de traballo social e o seu alumnado, establecendo espazos de coordinación e cooperación. Os obxectivos xerais son :

- Elaborar unha oferta formativa que combine os intereses da colexiación e as áreas de carácter innovador e/ou estratéxico establecidas desde o Colexio, o máis vantaxosa posible para a colexiación desde o punto de vista económico.
- Establecer e/ou renovar convenios de colaboración con entidades cara a conseguir a financiamento de accións formativas e/ou proxectos de interese para o Colexio.
- Promover o recoñecemento polas Administracións Públicas da formación impartida desde o Colexio.
- Explorar vías de colaboración con Universidades ou outras Administracións Públicas cara a conseguir que a formación impartida teña recoñecemento oficial.
- Potenciar a difusión da formación mediante a identificación de novas canles, ferramentas, entidades, etc. para chegar a un número maior de potenciais persoas destinatarias.
- Levar a cabo unha campaña de captación de patrocinadores con potencial de financiamento para as actividades do COTSG (do eido social, empresas prestadoras de SS.SS, outras empresas).

Como accións específicas formativas destacamos:



● **Servizo de acollida dirixido ás estudantes de último curso universitario e recién tituladas**

Este servizo ten por finalidade presentar o Colexio Profesional e os seus servizos, ademais de acompañar e orientar de cara á mellora formativa, na procura de emprego e á inserción laboral.

Dende o colexio contamos cunha serie de recursos integrais: Actividades de presentación do COTS e dos seus servizos no derradeiro curso nas facultades de Traballo social; encontros virtuais con profesionais de diferentes ámbitos; servizo de consultas online sobre a práctica profesional e/ou a formación continua; información e orientación sobre formacións específicas propias do colexio profesional ou externas e de interese para o colectivo; servizo de orientación formativo profesional e posta en marcha de actividades que fomenten o autocoidado profesional dende os primeiros contactos co mundo laboral.

● **Formación profesional continuada**

- Saúde: Atención á Dependencia, Traballo Social Sanitario, Saúde Mental infanto-xuvenil. Violencia e condutas aditivas.
- Na área de Migracións: Interculturalidade, Loita contra o Racismo e a Xenofobia, O Traballo Social na acollida a persoas procedentes de zonas en conflito.
- En Igualdade de Xénero: Feminismo, Traballo social e a diversidade sexual; transexualidade, Violencia de Xénero, Traballo Social con mulleres que sofren trata de Persoas.
- Traballo social no Sistema Xudicial: Menores en risco de exclusión social, conflito ou desprotección., Responsabilidade penal do menor, Centros de cumprimento de medidas xudiciais, Institucións penitenciarias, Intervención social con persoas con discapacidade: Novo sistema de apoios.
- Pobreza e Exclusión social: novas situacións de crise: Urxencias sociais
- Protección de Datos no traballo social.
- Área de necesidades profesionais: Habilidades de comunicación. Falar en público, Saúde e benestar laboral para T. Sociais, Habilidades para docencia, Traballo social de grupos, O traballo social ante a COVID-19, Transdisciplinariade no traballo social, Autoemprego en traballo social: creación de empresas de axuda no fogar, constitución de cooperativas.
- Traballo Social e Menores: Atención social dos/as menores non acompañados/as, Intervención social na abordaxe e prevención de condutas violentas na adolescencia.
- Traballo Social ante as emerxencias provocadas polo cambio climático (desastres naturais)
- Autocoidado. Coidarse para coidar.
- Supervisión na práctica profesional. Revisión da nosa praxe e das emocións que emerxen da mesma.

- **Novos espazos de debates - Encontros virtuais colexiais**
 - Xornadas e Pílulas formativas: As xornadas xorden, ben a proposta do Colexio, ou ben a promovidas polos Grupos de Traballo; neste caso, desde o Colexio préstaselles apoio técnico no desenvolvemento da xornada así coma apoio económico. As pílulas formativas están pensadas para afondar en temáticas concretas e adquirir en pouco tempo coñecementos específicos. No ano 2022, entre a formación a desenvolver nesta modalidade, continuarase coa programación de Pílulas formativas Específicas con acceso prioritario para os/as profesionais inscritos nas Listaxes do COTSG (Docentes, Expertos/as, Profesionais independentes, Tribunais, Mediadores/as, Peritos/as).
 - Webinars: Prantexados como charlas específicas nun ámbito concreto sobre unha temática de actualidade, de curta duración e impartidas por un /unha profesional de referencia con coñecementos específicos na materia.
- **Formación interna:** Para que os/as profesionais que desenvolven no Colexio a súa labor podan ampliar a formación e estar actualizados/as, realizando accións formativas adaptadas ás necesidades identificadas e aos obxectivos da entidade. Unha vía para levar a cabo esta formación é a través do crédito dispoñible na bonificación das cotas da Seguridade Social dos traballadores, a través da FUNDAE.

5.4. Investigación

O propósito desta liña de traballo é potenciar e investir en investigacións sociais, como desenvolver proxectos de investigación; colaboración coas universidades e alumnado para potenciar a difusión nas investigacións.

É preciso elaborar un diagnóstico do actual Sistema de SS.SS., deste xeito o vindeiro ano abrírase unha liña de investigación sobre o Sistema de SS.SS. actual (ratios, estrutura dos servizos, burocratización, grao de intervención, nivel formativo dos/as profesionais...) na nosa comunidade, os resultados obtidos sentaran as bases para dar continuidade ao traballo dende os distintos ámbitos do traballo social, así como visibilizar ante as administracións públicas e a cidadanía as principais fendas sistema.

5.5. Publicacións

Fervenzas é a revista galega de Traballo Social que acepta, para a súa difusión, traballos orixinais e inéditos de interese para a disciplina e para esta profesión en Galicia.

Os traballos son publicados atendendo ao seu interese ou o seu valor científico e/ou profesional.

É obxectivo fundamental desta candidatura continuar a traballar na mellora continua da revista así como a promoción da participación do colectivo profesional na mesma. Queremos potenciar a motivación pola escritura e a investigación da nosa colexiación, para elo, elaboraremos material divulgativo, campañas e cartaces nas redes.

5.6. Ámbitos de intervención

5.6.1. DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE SERVIZOS SOCIAIS

A importancia e necesidade do persoal técnico dos Servizos Sociais dentro da crise de emerxencia sanitaria na que nos atopamos, foi plenamente confirmada pola publicación no Boletín Oficial do Estado o pasado día **26 de marzo de 2020 da Orde SND/295/2020** pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos no ámbito dos servizos sociais ante a situación de crise ocasionada pola COVID-19. **A Orde declara aos Servizos Sociais como esenciais en todo o territorio nacional**, como medida para protexer o benestar, a saúde e a seguridade da cidadanía na loita contra a COVID-19. Entendendo por servizos esenciais os necesarios para o mantemento das funcións sociais básicas: a saúde, a seguridade, o benestar social e económico da cidadanía e o eficaz funcionamento das institucións do Estado e as Administracións Públicas.

Tras o coñecemento da situación de deterioro que están a ter os Servizos sociais comunitarios, o COTSG considera imprescindible avanzar a un sistema de servizos sociais baseado nas necesidades sociais de todas as persoas. É esencial reforzar o sistema de servizos sociais galegos, pois é un servizo de proximidade á cidadanía e pode concentrar intervencións integrais para cada situación.

Neste senso, os obxectivos a acadar serían os seguintes:

- Aumentar ratios de persoal para reducir a burocracia e fomentar a intervención. Reivindicamos os ratios recomendados desde o máximo Órgano Estatal , o Consello Xeral de Traballo Social:
 - 1 Traballadora/or social por 1700 habitantes
 - 1 Centro de Servizos Sociais por cada 15.000 habitantes
 - 1 Traballadora/or social en todos os equipos de valoración
- Reclamar e revisar os convenios e categorías profesionais, garantindo emprego e salarios dignos.
- Reivindicar como reserva de actividade das e dos traballadores sociais proporcionar un diagnóstico social e un ditame propio, sendo instrumentos exclusivos do Traballo Social, para a valoración, intervención e emisión de informes sociais coas persoas usuarias de Servizos Sociais.
- Loitar pola unificación das ferramentas telemáticas co obxecto de evitar duplicidades da información, que é de especial protección segundo a lexislación en materia de protección de datos.
- Incidir na importancia de perfís profesionais diferenciados, cada un deles actuando e intervindo segundo a súa función dentro dos equipos interdisciplinares.



- Instar a todas as entidades locais da Comunidade Autónoma a rexeitar que os servizos sociais comunitarios, asuman calquera proceso de xestión vencellado á tramitación de solicitudes do Ingreso Mínimo Vital (IMV).

Como defensa dos servizos sociais públicos, preténdese apostar forte por esta realidade, así como visibilizar e reclamar as diferentes eivas existentes nos mesmos.

Nesta lexislatura estase a poñer o foco na reivindicación e construción dun Novo Modelo de Sistema de Servizos Sociais, que contemple: un aumento de ratios de persoal, a homoxeneización de salarios, a redución da burocratización e xestión en prol da intervención social, a garantía de dereito subxectivo para as persoas usuarias, a calidade dos procesos selectivos, etc.

Para este obxectivo traballaremos na mellora da normativa autonómica e local e daremos continuidade aos **grupos de traballo específicos de SS.SS.**

5.6.2. NOVO MODELO DO SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS

O Sistema de Servizos Sociais, denominado IV Pilar do Estado de Benestar, persegue construír unha sociedade máis inclusiva. Para elo é necesario garantir o dereito de todas as persoas ás prestacións sociais, a través da planificación de políticas sociais e a elaboración de normativas que definan competencias e artellen a súa estrutura nos diferentes ámbitos da administración pública.

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, aposta por camiñar e traballar cara outro modelo, tendo en conta todos os cambios sociais das últimas décadas e visto que existen elevadas carencias en canto á protección social e á garantía de dereitos sociais á cidadanía.

Un novo modelo de benestar apoiado en 6 piares: servizos sociais, educación, sanidade, vivenda, emprego e garantía de rendas.

Entendemos que o noso sistema de servizos sociais dirixiuse a centrarse na atención da demanda, máis que na atención centrada na persoa, situándonos como dispensadores de recursos, despersonalizando a atención social e dirixíndonos cara a xestión de carácter inmediato e paliativo, perdendo a nosa identidade profesional

O noso ben protexido quedou oculto, producíndose un retroceso no sistema de servizos sociais, xa que os modelos actuais son cada vez máis paliativos, funcionando como dispensadores de recursos deslexitimando o proceso de intervención social.

Neste senso, apostamos por un modelo de servizos sociais de carácter público, universal e garantista, cun enfoque totalmente comunitario, preventivo e descentralizado na atención social.



Consideramos necesario traballar conxuntamente co Consello estatal e co grupo de traballo creado no colexio ao efecto, para a definición do noso perímetro de actuación cara un modelo de sistema máis garantista, público e de dereito.

Debemos orientarnos cara un modelo de cambio social que identifiquemos e transformemos a nosa orientación da intervención, traballando por e para as persoas e comunidades na procura da súa autonomía, inclusión e protección social.

Neste modelo outros sistemas de protección social deben verse reforzados , incluso coa figura do traballo social, pero ten que existir unha desvinculación do sistema de servizos sociais naqueles niveles de afectación que non lle corresponda .

O modelo organizativo debe de ser descentralizado en niveis; atención primaria, básica ou comunitaria, e atención especializada, onde prime a intervención social fronte á xestión prestacional (reducindo os trámites burocráticos prescindibles), potenciando a interacción humana e o enfoque proactivo. Deben poñerse a disposición do Sistema os medios materiais e humanos necesarios para complementar, interrelacionar e axilizar as posibilidades de cada servizo.

Para esta ambiciosa aposta, e co obxectivo de elaborar un diagnóstico do actual Sistema de SS.SS., o COTSG ten creado un grupo de traballo experto e contará con unha liña de investigación que faga unha diagnose o Sistema de SS.SS. actual (ratios, estrutura dos servizos, burocratización, grao de intervención, nivel formativo dos/as profesionais...) na nosa comunidade.

5.6.3. INFANCIA E FAMILIA

Máximo compromiso adquirido nesta área de intervención á protección á infancia e xuventude como algo prioritario, sendo de importancia e traballado durante estes últimos 4 anos. É preciso unha análise do Sistema actual e do seu funcionamento co obxectivo de visibilizar e dar a coñecer o seu estado, poñendo en valor a figura do traballo social e reclamando as diferentes eivas detectadas en canto a ratios, funcións dos equipos, especialización, coordinación e planificación, supervisión, etc.

Para isto, continuarase coa **Comisión de Infancia e familia**, a cal está traballando na actualidade en documentos que velen polo sistema de protección en calquera das súas formulas de xestión, así coma a adaptación da normativa vixente e na procura de mellorar a calidade de atención social de nenos, nenas e familias.

5.6.4. MAIORES E DEPENDENCIA

Apostamos por un novo modelo de coidados de promoción á autonomía persoal e unha política de coidados con carácter transversal e sólido, adaptada ás características de

cada territorio e descentralizada. Reclama a revisión do sistema tradicional e visibiliza as súas debilidades, deficiencias e necesidades.

A posta en valor da atención ás persoas en situación de dependencia e a promoción da súa autonomía persoal constitúe un dos grandes retos desta Xunta de Goberno.

Para visibilizar esta situación, dende o COTSG elaborouse unha Análise do Sistema de Atención á Dependencia en Galicia.

Asemade, púxose en marcha un grupo de Traballo dende o que se compartiron as problemáticas máis comúns na xestión e coordinación dos Servizos de Axuda no Fogar tanto públicos como privados. Dende o **Grupo de Traballo de SAF** foron elaborados varios documentos para visibilizar con maior claridade a problemática actual deste servizo, que foron elevados á administración competente. Esperamos que continúen este labor cos novos retos do futuro, participando activamente nas propostas cara a un novo Decreto.

Para o traballo de creación de modelos, protocolos e ferramentas foi creada a **Mesa de Traballo de SAF**, que estivo a traballar no borrador dun modelo de ordenanza municipal que se axuste á realidade actual.

O que se pretende é dar continuidade a toda esta liña de traballo iniciado, visibilizando as eivas dun servizo que cremos fundamental na promoción da autonomía persoal e de apoio a familias e persoas coidadoras.

5.6.5. TRABALLO SOCIAL E SAÚDE

O Real Decreto 463/2020 e o Real Decreto-lei 10/2020, do 29 de marzo, identifica como profesionais esenciais ás/ós Traballadoras/es Sociais que exercen o seu labor no campo sanitario, prestando un servizo esencial para o mantemento das funcións sociais básicas, a saúde, e o benestar social das persoas doentes.

É preciso contribuír a que as novas normativas que regulen o acceso á asistencia sanitaria e á protección da saúde o fagan desde o recoñecemento deste dereito básico e universal. Todo isto en igualdade con outros dereitos e servizos e por uso debe traballarse na vertebración do sistema sociosanitario, actualmente moi desartellado no noso territorio.

Neste senso, é prioritario velar pola Defensa do Traballo social como profesión sanitaria, comprometida co seguinte:

- Loitar na cobertura de vacantes e paralización de amortización de prazas de Traballo Social no eido da saúde.
- Conseguir máis presenza e contribución das e dos profesionais do Traballo social, tanto na atención primaria como na especializada.
- Apostar por Direccións ou Subdireccións de Procesos Sociais Sanitarios que potencien o Traballo Social como recurso especializado no eido da saúde, como xa se está a plantexar noutras Comunidades Autónomas.



- Coordinación eficaz e imprescindible co Sistema de Servizos Sociais comunitarios.
- Conseguir dotación orzamentaria e de contido para o Plan Sociosanitario.
- Esixir a necesidade dunha planificación e dotación axeitada de recursos de Traballo social no Servizo Galego de Saúde, coa finalidade de cumprir cos obxectivos de suficiencia de recursos, transparencia e coordinación de forma plena.
- Dependencia Orgánica e funcional do Traballo social sanitario en Servizos centrais
- Apostar por unha intervención integral de carácter bio-psico-social.
- Defender o traballo social nos diferentes ámbitos sociosanitarios especializados e a súa coordinación: saúde mental e adiccións, atención temperá, enfermidades crónicas, enfermidades raras, etc.

5.6.6. TRABALLO SOCIAL E INCLUSIÓN

Desde este ámbito reivindicamos que é imprescindible consolidar, mellorar e reforzar o Sistema de Benestar desde os diferentes Sistemas de Protección (Educación, Sanidade, Servizos sociais, Emprego, Vivenda, Xustiza, etc.), quedando as prestacións como algo complementario e situadas no espazo e sistema que corresponda.

Asemade, entendemos que debería de consolidarse un Sistema de Garantía de rendas que goce a condición de dereito subxectivo ao obxecto de reducir os indicadores de pobreza estrutural, desigualdade e mellorar a calidade de vida da cidadanía.

Esta entidade elabora un documento de Análise da Inclusión Social **na Comunidade Autónoma Galega** onde se plasman as eivas detectadas no sistema de Servizos Sociais actual.

En relación coa **aprobación do Ingreso Mínimo Vital** e a súa convivencia coa renda autonómica galega, elaborouse un documento de consideracións ante as novas medidas de reforzo do IMV.

Este ano, a raíz da nova realidade no eido da inclusión, foi creado a demanda dun grupo de persoas colexiadas, que desenvolven a súa labor principal nos Equipos de inclusión crease o **grupo de traballo de inclusión** que presenta ,ante as entidades correspondentes, nun documento propio, as súas liñas de acción, obxectivos e funcións.

Neste contexto actual de crise e de cambio continuo é de interese trazar liñas de colaboración activas coa Consellería co fin de poder aportar dende a nosa profesión e experiencia no sector, como axentes sociais expertas na materia, as nosas preocupacións e impresións sobre as necesidades e recursos necesarios no eido da inclusión social. Para este fin estase a traballar para a modificación da lei de inclusión e adaptala ao contexto actual.

5.6.7. TRABALLO SOCIAL E EDUCACIÓN

Neste momento de crise social e sanitaria e tendo coma referencia a última crise onde a infancia chegou a ser o grupo máis pobre do Estado Español, dende o Colexio de Traballo Social entendemos que cada vez é máis necesaria a recuperación e presenza do perfil do Traballo social nos centros educativos.

O Traballo Social Educativo é imprescindible para detectar e paliar de xeito áxil, eficaz e operativo as consecuencias socio económicas sobrevidas ás familias e as súas crianzas desde a primeira porta de entrada, os Centros escolares; respondendo ás necesidades do alumnado que se atope en vulnerabilidade por calquera circunstancia á vez que abordar os aspectos relacionados coa convivencia. Todo iso desde un enfoque tanto individual como familiar e grupal. Desde accións de prevención, detección, avaliación, intervención e seguimento, establecendo a coordinación precisa cos distintos profesionais e recursos comunitarios.

Os obxectivos a levar a cabo dende o COTS e dende o grupo de traballo en educación, son:

- Visibilizar a figura do Traballo social educativo a través do Grupo de Traballo en Educación e mediante campañas nas RR.SS.
- Incluír a figura do Traballo social nos equipos interdisciplinares dos Centros Educativos para intervir sobre todos os axentes da comunidade educativa
- Garantir esta figura profesional nos centros de acción educativa singular, centros de Educación especial e aqueles que polas súas características e especial dificultade o requiran
- Trazar liñas de colaboración coa Consellería de Educación para que o Traballo Social sexa figura referente en formación aos equipos directivos e ao profesorado en materia de risco e desamparo de nenos, nenas e adolescentes.
- Analizar e/ou concretar o perfil profesional do traballo social educativo e as necesidades formativas específicas.

5.6.8. TRABALLO SOCIAL NO TERCEIRO SECTOR

O traballo social no terceiro sector engloba o levado a cabo en diferentes entidades e organizacións con ou sen ánimo de lucro que traballan na atención a familias e a colectivos específicos, dende a orientación familiar, asistencial, formativo laboral, a prevención e a promoción social.

Defenderemos a presenza da figura de traballo social nestes espazos, así como a defensa das condicións laborais dignas das/os profesionais.

Continuaremos a establecer liñas de colaboración cas/os profesionais do terceiro sector e do tecido asociativo, visibilizando os distintos programas e proxectos e garantindo a complementariedade dos servizos.

Asemade seguiremos a participar en accións reivindicativas conxuntas na defensas dos dereitos da cidadanía.

5.6.9. TRABALLO SOCIAL NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Este Colexio Profesional vén detectando nos últimos anos diversas necesidades relacionadas co Traballo Social no ámbito da Administración de Xustiza cuxa atención urxente resulta primordial.

Concretamente cómpre atender ás mulleres que sofren violencia de xénero en Galicia así como prestar unha atención social de calidade á cidadanía dende os xulgados, hoxe inexistente.

Nestas liñas apostamos, por unha banda, por garantir unha atención integral das vítimas de violencia de xénero desde o inicio ata a finalización do procedemento xudicial, implantando Oficinas de denuncia e información específica para as vítimas, ademais do reforzo do persoal das Oficinas de Asistencia ás Vítimas do Delito.

Así mesmo, segundo a nova Lei do 8/2021 que modifica a capacidade xurídica, ábrese no ámbito xurídico un novo espazo para as traballadoras sociais, no que o seu criterio profesional establécese como unha ferramenta fundamental para a avaliación do novo sistema. É por isto que apostaremos pola loita no reforzo dos novos equipos do IMELGA, a coordinación efectiva con todas as entidades públicas implicadas, establecendo unha rede cohesionada.

Apóstase pola creación de oficinas de atención social na Sede Xudicial que concentren os equipos xa creados actualmente ampliando a oferta a todas as novas casuísticas que poidan darse.

5.6.10. TRABALLO SOCIAL PENITENCIARIO

O obxectivo nesta área para os próximos anos será dar visibilidade ao traballo das/os profesionais do traballo social nos centros penitenciario e planificar e levar a cabo actividades para o coñecemento da súa realidade, coñecer as distintas dificultades nas que se atopan no día a día no desenvolvemento profesional, contribuír para a súa mellora e incrementar a presenza do Traballo Social neste ámbito.

Asemade, debemos potenciar a participación en todas as iniciativas levadas a cabo tanto a nivel nacional como autonómico, en coordinación co tecido asociativo e a estrutura colexial neste ámbito.

5.6.11. TRABALLO SOCIAL E EXERCICIO LIBRE

Un dos obxectivos dende esta candidatura é dar forza a unha nova mirada para o traballo social, onde a través do exercicio libre da profesión se visibilicen novos nichos de mercado, novas alternativas e se compartan experiencias laborais neste eido.

O traballo social abarca moitos ámbitos de intervención, existindo espazos sen descubrir onde o traballo social si ten cabida. Neste senso, unha liña estratéxica a seguir é dotar de formación a colexiación sobre emprendemento para cubrir espazos de Traballo social onde o público non pode chegar.

O Colexio conta co **Grupo de Traballo en exercicio libre** para traballar e facer novas propostas neste eido. Neste 2021, foi elaborada unha Guía de recursos para o exercicio libre en Traballo Social.

5.6.12. TRABALLO SOCIAL EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA E GRANDES CATÁSTROFES

No 2022 crearase en Galicia un Grupo de Emerxencias Social (GES) formado por Traballadoras/es Sociais voluntarias/os, integrado no Grupo Estatal de Intervención en Emerxencias Sociais (GEIES) do Consello Xeral de Traballo Social, coa finalidade de ofrecer un servizo á sociedade naquelas situacións que, pola súa gravidade e/ou dimensión, desborden aos servizos públicos ante grandes emerxencias e/ou catástrofes.

Entendemos por Emerxencia Social aquelas situacións non previstas que afectan e comprometen as capacidades persoais, os recursos e medios de subsistencia e as relacións ou redes sociais familiares, requirindo una resposta inmediata coa mobilización de recursos que nalgúns casos son de complexa xestión: pandemias; ataques terrorista; accidentes múltiples de tráfico, avión, tren; riscos derivados da meteoroloxía (furacáns, seca, avalanchas, inundacións); movementos sísmicos...

As principais funcións que desenvolverá o GES serán dar cobertura ás persoas afectadas pola catástrofe e ás súas familias (necesidades básicas de comida, roupa e aloxamento); a coordinación cós equipos de salvamento, seguridade, sanitarios, loxísticos; o acompañamento social e o soporte emocional; ou a localización e reagrupamento familiar.

Para a posta en marcha do GES estableceranse convenios de colaboración con diversos organismos:

- Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)



- Xunta de Galicia: Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA), Academia Galega de Seguridade Pública. - Ministerio de Defensa: Unidade Militar de Emerxencias (UME)

- Ministerio del Interior: Centro Nacional de Seguimento e Coordinación de Emerxencias (CENEM)

Os primeiros pasos na creación do GES centraranse en visibilizar este campo de intervención, formar ás/os voluntarias/os e amosar a imprescindible labor que podemos desenvolver e o valor que podemos aportar desde a nosa profesión:

- poñer en valor o noso compromiso coa sociedade e as necesidades sociais que xorden ante as emerxencias.

- salientar a gran implicación e o bo facer profesional de cada unha/un das/os colexiadas/os que desenvolven a súa labor profesional día a día.

- fomentar o continuo aprendizaxe e capacitación profesional para seguir mellorando na nosa intervención ante as difíciles e complexas situación que xeran as grandes emerxencias: formación en intervención psicosocial; elaboración de recursos teóricos, metodolóxicos e técnicos para afrontar con rigor técnico e equilibrio emocional as situacións de crise.

- participar en simulacros que permitan afondar na especialización técnica ante situación de emerxencia e/ou catástrofe.

5.6.13. TRABAJO SOCIAL E DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO-SOSTIBILIDADE E REPOBOAMENTO DO RURAL

Nas últimas décadas, o crecemento da vulnerabilidade e a exclusión social, mostra as súas consecuencias no aumento das desigualdades entre rexións, cidades e territorios. Desde o COTSG queremos poñer o foco na **despoboación rural e na vulnerabilidade urbana**. A concentración de cada vez mais persoas en áreas urbanas complica a sostibilidade da sociedade.

A multidimensionalidade dos territorios vulnerables e a multiplicade de causas que determinan a súa aparición implica un estudo dos mesmos desde unha visión holística onde sexan contempladas diferentes perspectivas: socio-cultural, económica, urbanística, institucional, sanitaria, xeográfica, educativa e institucional, entre outras.

O ODS número 11 fala da importancia do equilibrio entre o rural e o urbano, así como da importancia de fomentar a existencia de comunidades sostibles. Para lograr este obxectivo é moi importante que moitas persoas decidan vivir nun entorno rural ou natural. O mundo rural é un laboratorio clave para a transformación e para a creación de contornas menos vulnerables.



O noso interese é visibilizar, ante a sociedade e administracións, o papel da profesión do Traballo social na promoción da sostibilidade relacional do territorio rural e evitar o despoboamento. Desde mediados dos 00 as e os traballadores sociais estamos presente en todos e cada un dos pobos e territorios rurais traballando pola autonomía funcional de todas as persoas sempre dando especial importancia á permanencia do seu entorno. Ademais somos promotoras de toda unha rede de apoio primario que fortalece a comunidade ante calquera desaxuste social das persoas ao longo da súa vida.

Neste senso, é necesario dar soporte a aquelas compañeiras que traballan no rural e poñer unha mirada transversal do Traballo social no rural en todas as accións a realizar.

Por outra banda, especialmente nos ámbitos urbanos e semiurbanos, é necesario defender unhas políticas de vivenda fortes que non se limiten unicamente a subvencionar un mercado inmobiliario no que o acceso a un domicilio digno é cada vez máis complicado para a cidadanía en xeral e para as persoas usuarias dos servizos sociais en particular. Nos últimos cinco anos, nalgúns cidades galegas aumentaron máis dun 30% os prezos dos alugueiros e impuxéronse unhas condicións de acceso aos pisos que limitan totalmente as posibilidades da poboación de dispoñer dun ben tan básico e esencial para o benestar e o desenvolvemento persoal como é a vivenda.

Porén, é preciso demandar un sistema de vivenda enmarcado dentro das políticas sociais xerais e non unicamente centrado na etapa final que provoca o actual estado do mercado inmobiliario: múltiples desafuzamentos que acaban chegando aos servizos sociais para ser tratados de maneira individual e sen poñer o foco nas causas desta problemática senón unicamente nas consecuencias. Cómpre apostar por un sistema máis preventivo, menos asistencialista e que garanta realmente o dereito da cidadanía a unha vivenda digna.

5.6.14. TRABALLO SOCIAL E AUTOCOIDADOS. SUPERVISIÓN E MEDIACIÓN

Dende a candidatura do 2021 quixeramos desenvolver e consolidar unha liña de autocoidados e boa praxe profesional que se basearía en tres liñas principais:

Supervisión:

- fomento da necesidade de supervisión profesional, familiarizando ás distintas institucións de servizos sociais con esta figura e a importancia do seu desenvolvemento
- facilitar a supervisión das profesionais a través dun servizo colexial
- formación específica en supervisión

Mediación:

- establecer un servizo de mediación profesional que conteña asesoramento legal así como recomendacións de boas prácticas a través dunha Comisión creada para esta materia.



- analizar as posibles liñas de mediación dende o exercicio libre
- ofertar formación específica en mediación profesional

Autocoidados:

- establecer actividades que fomenten o autocoidado profesional de xeito permanente, permitindo o encontro das profesionais interesadas
- fomentar a práctica das actividades de autocoidado como un elemento clave na calidade dos servizos
- procurar formación específica neste ámbito.



5.7. Feminismo: igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Esta Xunta de Goberno está comprometida con poñer en valor a perspectiva de xénero na análise e tratamento das necesidades sociais, nas súas demandas e propostas para facer da convivencia persoal e social un espazo de igualdade, liberdade e solidariedade.

Pretende tamén crear un **espazo de loita e debate**, onde se potencie o activismo social feminista para sensibilizar, protexer e impulsar os dereitos do colectivo feminino dentro de calquera eido da sociedade.

Consideramos que o Traballo Social ten que poñer en valor o seu compromiso en aplicar o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, *de modo que denunciemos os escenarios de violencia existentes, e en particular o asasinato constante ano tras ano, a mulleres polo feito de selo.*

Neste senso, as accións que estamos a elaborar e continuamos son as seguintes:

- Romper cos modelos sexistas e abrindo foros de reflexión cara un mundo feminista e sostible.
- Mudar o Decreto que regula aos Centros de Información ás mulleres para que inclúa de xeito permanente e específico ás e ó Traballadores Sociais
- Incluír a figura do Traballo social nos Corpos de Seguridade nas Unidades de Familia e Violencia de xénero.
- Reforzo das Oficinas de Atencións ás vítimas e a creación de Oficinas de denuncias específicas de Violencia de xénero dotadas dun equipo interdisciplinar.

5.8. Ética e deontoloxía profesional

Compromiso ético coa profesión e a **defensa dos valores e principios**, en prol do bo cumprimento do noso código deontolóxico, impulsando e potenciando a formalización da Comisión Deontolóxica e de Ética Profesional. A ética debe deixar de ser un concepto abstracto para converterse na ferramenta profesional na toma de decisións. Establecer un diagnóstico social previo a unha intervención social, é unha das bases que estruturan e dan forma o Traballo Social, estando este diagnóstico composto por valores éticos, coñecemento técnico e soporte lexislativo.

Así mesmo, a ética tamén nos coloca no ámbito que traspón a toma de decisións, desenvolvida nun plano de equipo de traballo onde a responsabilidade é a que acada cada disciplina co conforma e que aportan o seu saber e que poden xerar situacións de discusión con ideas confrontadas, nese caso a ética axudaranos a comprender que esta fase forma parte do proceso de madurez deliberativa, nos que nos situaremos, non so no como, se non no debo.

Así, atendendo aos nosos principios éticos debemos de coidar a nosa contorna laboral e que a toma de decisións sexa efectiva, polo que é imprescindible neste eido que isto se converta nun elemento imprescindible na forma de entender a actividade laboral.

Do mesmo xeito, a deontoloxía axúdanos a ordenar as actividades outorgando unha estrutura e forma básica común, unha regulación que nos permite sentar as bases para o día a día da nosa actividade laboral, e que nos agasalla co sentido de pertenza, e identidade de profesión.

A conxunción de ética e deontoloxía sitúanos na excelencia e as boas prácticas profesionais.

Partindo da contribución do Traballo Social á humanización das organizacións, así como a mellora dos dereitos da cidadanía iníciase unha liña de traballo tendente ao posicionamento do liderado do Traballo Social no proceso de construción dunha ética compartida na propia profesión (colaborando nunha rede de Comisións deontolóxicas a nivel estatal) e polo tanto nos diferentes sistemas de benestar e en concreto:

- Sistema sanitario: Comités de bioética
- Sistema de servizos: Comités de ética de Servizos Sociais. Abondar no desenvolvemento de ditos comités (a súa constitución foi proposta do Colexio Profesional de Traballo Social).

A Comisión Deontolóxica foi creada por este colexio e formalízase como un órgano consultivo e colexiado da Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Traballo Social de Galicia, que asesora en materia de ética e deontoloxía profesional, así como en relación ás necesidades, demandas e cuestións que se susciten ou se lle soliciten e teñan que ver coas funcións da organización colexial e o exercicio da profesión.

FACEMOS TRABALLO SOCIAL



Dende a Comisión seguiremos a propoñer e preservar os valores e os principios do Traballo social e garantir unha boa praxe, para elo levarase a cabo campañas de difusión desde o departamento de Comunicación. Asemade, se elaborarán deseños de accións formativas vinculadas a contidos da praxe ética e deontoloxía profesional.

5.9. Comunicación

Continuar co plan de comunicación coa aposta da visibilidade da profesión e do COTSG nas redes sociais. Dirixíndonos as/os profesionais de traballo social, a outras profesionais vinculadas aos servizos sociais e a poboación galega en xeral.

Para optimizar o fluxo da información e organizar unha comunicación eficiente do COTS realizáranse, entre outras, as seguintes actividades:

- Divulgar os avances realizados na defensa dos sistemas públicos de protección dos servizos sociais de Galicia e os resultados obtidos na defensa do traballo social nos diversos ámbitos de actuación.
- Dar a coñecer as novas máis relevantes na normativa relevante para a nosa profesión e da formación que ofrece o colexio.
- Potenciar a participación das colexiadas na defensa dos intereses da profesión.
- Informar e comunicar os resultados das reunións cos diferentes organismos e entidades públicas e privadas .
- Seguimento das novas relacionadas coa profesión nos diferentes medios de comunicación, velando por unhas referencias veraces ao sector de servizos sociais, a profesión e aos colectivos sociais.
- Xerar unha rede coordinada de participación con entidades de terceiro sector, tecidos asociativos, plataformas sociais, e cidadás en defensa do estado de benestar.